



A SERRA DA CAPELADA

Ventos e néboas azoutan a cotío a zona, contribuíndo a conferirle unha fisonomía fascinante, singular pola súa altitude, proximidade ó mar

Do extraordinario atractivo que sobre os xeólogos exerce o "Complexo de Cabo Ortegal" -no que se inclúe a Serra da Capelada- dan fe os numerosos traballos publicados dentro e fóra do noso país. E é que constitúe unha unidade polimetamórfica alóctona, claramente diferenciada dos materiais que a rodean, na que é posible observar espectaculares estruturas tectónicas e excepcionais mostras de rochas.

O basculamento de bloques durante o Terciario provocou na zona unha elevación polo norte e noroeste que se traduce en acantilados que superan os 600 metros, os máis elevados da península. A Serra da Capelada, promontorio limitado polo mar e a ría de Ortigueira, esténdese ó longo duns 15 Km, con 4-5 de ancho, ata Cabo Ortegal. Ventos e néboas azoutan a cotío a zona, contribuíndo a conferirle unha fisonomía fascinante, de por si singular pola súa altitude, proximidade ó mar, escasez de núcleos habitados, presenza de vacas e cabalos bravos e unha vexetación de herbas e mato (que alterna, resultado de repoboacións,

Érguese, inexpugnable e xigante, a Serra da Capelada fronte ó ameazante océano, para deitarse logo, xa abaixada, na ría de Ortigueira; terra indómita e fascinante, que atesoura engados irresistibles para xeólogos, botánicos, arqueólogos,... e que a todos convida a deixarse seducir pola brava singulariedade das súas formas e dos seus penedos, da súa vexetación e da súa fauna, a cotío visitados por espesas néboas que engaden atractivo e misterio ó recoñecido santuario de San Andrés de Teixido.



Ría de Ortigueira

"A San Andrés de Teixido, un dos centro de peregrinacións máis importantes de todo o país. vai de morto quen non foi de vivo", e entón pode facelo en forma de animal de calquera especie, particularmente reptís


con piñeiros e eucaliptos nalgunhas zonas).

Entre os materiais do complexo, fundamentalmente rochas básicas e moi metamorfizadas, destaca a dunita, serpentizada, da que o alto contido en magnesio é un factor limitante para moitas especies vexetais, ó tempo que determina a existencia de taxóns endémicos, algúns ameazados de extinción como a *Centaurea borjae*. Granulitas e ecloxita (ricas en granates), e anfibolitas son outras das rochas do Complexo, ás que hai que engadir un dique de cuarzo que a atravesa transversalmente, e que, como outras das citadas, foi obxecto de explotación.


Mais non só polos seus valores naturais é coñecido o enclave (que, por certo, conta entre a súa fauna con variedade de herpetos, falcón peregrino, corzo,...) Tamén o é polos seus restos arqueolóxicos, e, sobre todo, porque nel está enclavado o santuario de San Andrés de Teixido, un dos centros de peregrinacións máis importantes de todo o país. "A San Andrés de Teixido vai de morto quen non foi de vivo", e entón pode facelo en forma de animal de calquera especie, particularmente reptís. Conta a lenda que se queixou o Santo de que ninguén o fose visitar e que, compadecido o Maestro, lle prometeu unha romería que duraría sempre. A documentación referida ó santuario empeza a ser abundosa a partir do século XVI, pero do XIV xa hai citas sobre el. Os milladoiros, montós de pedras formados polas que os peregrinos ían deixando (cada un a súa) a primeira vez que visitaban San Andrés, quedan aínda as beiras dos camiños, duras veredas que hoxe, asfaltadas, permiten o acceso en calquera tipo de vehículo.

O roteiro

A estrada a Cedeira permite avistar primeiro a lagoa de Valdoviño e logo a de Pantín, xa totalmente colmatada e colonizada por carrizos. De seguida se avista o amplo esteiro do río Cabo e logo de 5 Km éntrase en Cedeira, cabeza do concello do mesmo nome, ó que pertence boa parte da Serra da Capelada. Atravesando a ponte do río Condomiñas e seguindo pola beira dereita deste, a estrada, en ascenso durante uns 7 km, baixa logo en apretadas curvas ata o faro de Punta Candieira, deixando pola esquerda unha canteira abandonada de anfibolita e o vertedeiro



Solpor na ría de Cedeira



municipal (¿?). A parte do interese paisaxístico do percorrido, disque a Punta é un dos principais reductos do granate almandino, moi escaso.

Saíndo de Cedeira pola marxe esquerda do río, seguindo os indicadores de San Andrés de Teixido, a uns 8 Km, pasado Chan do Monte (cunha antena de TV), está o cruceiro de **Chan dos Carrís** e o miradoiro de Cimal da Costa (440 m.): pode observarse o forte basculamento asimétrico da zona e os deslizamentos de ladeira nos que se asenta San Andrés de Teixido.

Voltando atrás uns metros pola mesma estrada dase cunha pista á dereita que sinala "Curro". Por ela chégase deseguida ó **miradoiro Penedo Edroso**, sito nun afloramento de granulitas; os penedos que o conforman presentan pregues e resaltes de "filoncillos". Máis adiante, un pequeno conxunto de mesas e bancos de pedra, dispostos baixo piñeiros, amosan a presenza dunha área recreativa. Un pequeno regato, procedente dun adiacente brañal, atravesa a pista, do outro lado do cal hai eucaliptos. Beireándoos chégase a "**Aula na natureza**", con pradeira, piñeiros e repoboación recente de frondosas e *Chamaecyparis*. Estructuras fixas da "aula" son unha cabana, bancos e mesas, algúns merendeiros. Atravésaa un regato, co que na parte alta se ten feita unha pequena piscina. Preto da "aula" están os estaribeis do curro das bestas, **Curro da Capelada**, un dos máis importantes do Norte de Galicia.

Retómase a estrada inicial a altura do cruce que desde ela baixa cara Feás (de seguir esta dirección chegaríase a Landoi: canteiras de dunita (en explotación) e de cuarzo. Cara a San Andrés vese, á dereita, a aldeña de Teixedelo; un novo miradoiro ofrece unha boa vista sobre as casas e o **santuario de San Andrés**, sitios a 140 metros sobre o nivel do mar e inaccesibles por el. Unha desviación á dereita conduce ó lugar; cando menos, hai que visitar a

igreja (garda, a parte dun interesante retablo, unha imaxe-relicario de San Andrés) e máis a fonte dos tres canos; difícil é sustrarse a volver sen algún recordo: sanandreses, rosquillas, herba de namorar, teixo (á súa abundancia de outrora débese o topónimo Teixido),...

A uns 4 Km. do cruce a San Andrés en dirección a Cariño, esta o miradoiro de **Vixía Herbeira** (613 m), á mesma beira do acantilado: unha caseta semiderruída avisa da súa presenza nunha superficie amesetada cuberta de uceiras (atención á *Erica vagans*).

_ pouco a vexetación tórnase herbácea e sobre ela destacan curiosas masas rochosas, moi diaclasadas, que fan lembrar o karst: é o que se denomina "pseudokarst serpentínico": estamos sobre dunita serpentizada, e deseguida, topamos a mina Herbeira, de dunita, abandonada. (Atrás queda a desviación que leva a **Miranda**, espampanante balcón da ría de Ortigueira).

A estrada empata coa que vai de Ortigueira a **Cariño**, e, desde esta vila mariñeira, que se estende desde as abas do monte Castrillón ata a praia, accédese a **Cabo Ortegal**: desde o faro, os barcos avístanse aínda como miniaturas de si mesmos. A **Punta dos Aguillóns**, labrada sobre ecloxita, prolóngase en tres illotes en ringleira, resultado da erosión diferencial. (Dunha canteira das proximidades foi extraída a rocha para o espigón do porto).

Atravesar a ría de Ortigueira, incluída no convenio RAMSAR, e achegarse ó seu extremo noroccidental, Estaca de **Bares**, o punto máis septentrional da península, é un remate atractivo: das rochas escuras, básicas, moi metamorfizadas, pasamos á granodiorita, magmática, clara. E alí, a carón do faro, agarda unha estación eólica e máis un observatorio de aves: estamos nun dos máis importantes puntos de paso de aves migratorias de Europa.

Cariño amor á mar

CONCELLO DE CARIÑO



C
E
D
E
I
R
A



Serra • Mar • Praias • Paisaxe • Tradicións

Unha vila xeitosa

Un paraíso para nenos

Un lugar ideal para a segunda
vivenda



Vila e Terra
de
Cedeira

Oficina Municipal de Información Turística
Calle Ezequiel López, Nº 22
Teléfono: 48 21 87